

ACTA NÚMERO: 02/2022

ACTA DA REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN DO DÍA 20 DE XANEIRO DE 2022.

Na sala de xuntas do Pazo Provincial sendo as 10 horas e 30 minutos do día 20 de xaneiro de 2022 reúnense os membros da Mesa de Contratación que a continuación se relacionan:

Presidente: Don Carlos López Font, Deputado do Grupo Provincial do PSdeG-PSOE.

Vogais da Mesa de Contratación:

- D. José Luis Mato Rodríguez, Vicesecretario da Deputación
- Dona Susana Escaloni Varela, Viceinterventora da Deputación.
- D. Francisco Alonso Fernández, Xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais.
- D. Gabriel Rodríguez Alonso, Xefe do Servizo de Asistencia Intermunicipal.
- Don José Antonio Gulías Varela, Técnico de Xestión do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

Secretario: D. Pablo Montero Carrera, Adxunto á Xefatura do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

ORDE DO DÍA:

1. Aprobación das actas das reunións dos días 23 de decembro de 2021 (Reunión 48/2021) e 30 de decembro de 2021 (Reunión 49/2021).
2. Proposta de adxudicación do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de implantación, uso e soporte dunha solución de padrón municipal de habitantes para concellos. (Expte.- 2021033561).
3. Proposta de adxudicación do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de deseño, posta en marcha e xestión da rede Smartpeme de Pontevedra. (Expte.- 2021041034).
4. Apertura dos sobres únicos, correspondentes á documentación administrativa e documentación avaliable mediante criterios automáticos do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da redacción do proxecto básico e de execución das obras de rehabilitación enerxética de diversos edificios do Centro Príncipe Felipe. (Expte.- 2021038411).
5. Apertura electrónica dos sobres "A" correspondentes á documentación administrativa do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de asistencia técnico educativa do programa "Depoaventura A Lanzada 2022". (Expte.- 2021035025).
6. Apertura electrónica dos sobres "B", correspondentes á documentación avaliable mediante criterios de xuízos de valor do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de asistencia técnico educativa do programa "Depoaventura A Lanzada 2022". (Expte.- 2021035025).
7. Apertura electrónica dos sobres "A" correspondentes á documentación administrativa do procedemento aberto convocado para a contratación da explotación, mantemento e



- conservación das instalacións de abastecemento de auga potable e das de depuración do Polígono Industrial Outeda - Curro (Barro). (Expte.- 2021055522).
8. Apertura electrónica dos sobres "B" correspondentes a documentación avaliable mediante criterios automáticos do procedemento aberto convocado para a contratación da explotación, mantemento e conservación das instalacións de abastecemento de auga potable e das de depuración do Polígono Industrial Outeda - Curro (Barro). (Expte.- 2021055522).
 9. Aprobación das valoracións técnicas dos sobres A, correspondentes á documentación administrativa e documentación avaliable mediante criterios de xuízos de valor do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da asistencia técnica para realizar os traballos de elaboración do proxecto de demolición, cálculo da estrutura definitiva, elaboración dos proxectos de instalacións e de anexos varios para as "Obras de consolidación, restauración e interconexión accesible a través do subsolo dos edificios centrais do Museo Pontevedra". (Expte.- . 2021054284).
 10. Apertura electrónica dos sobres "B" correspondente á documentación avaliable mediante criterios automáticos do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da asistencia técnica para realizar os traballos de elaboración do proxecto de demolición, cálculo da estrutura definitiva, elaboración dos proxectos de instalacións e de anexos varios para as "Obras de consolidación, restauración e interconexión accesible a través do subsolo dos edificios centrais do Museo Pontevedra" (Expte. 2021054284).

Non asisten os vogais permanentes da Mesa de Contratación, D. Uxío Benítez Fernández, Deputado do Grupo Provincial do BNG e D. Manuel Alejandro Lorenzo Alonso, Deputado do Grupo Provincial do PP.

Declarada aberta a reunión da Mesa de Contratación de orde da Presidencia, os asistentes manifiestan que non teñen directa ou indirectamente un interese financeiro, económico ou persoal que comprometa a súa imparcialidade e independencia sobre os asuntos que figuran na orde do día.

1. Aprobación das actas das reunións dos días 23 de decembro de 2021 (Reunión 48/2021) e 30 de decembro de 2021 (Reunión 49/2021).

Os membros que forman parte da Mesa de Contratación que estiveron presentes nas reunións votan a favor da aprobación das actas das reunións correspondentes os días, 23 de decembro de 2021 (Reunión 48/2021) e 30 de decembro de 2021 (Reunión 49/2021).

2. Proposta de adxudicación do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de implantación, uso e soporte dunha solución de padrón municipal de habitantes para concellos. (Expte.- 2021033561).



O Secretario informa que por acordo adoptado pola Xunta de Goberno na sesión do día 29 de outubro de 2021, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto, do servizo de implantación, uso e soporte dunha solución de Padrón municipal de habitantes para concellos.

O anuncio de licitación deste contrato enviouse ao DOUE con data 29 de outubro de 2021 e publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 31/10/2021. Así mesmo, publicouse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

Finalizado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación na reunión do día 2 de decembro de 2021, procedeu á apertura electrónica dos sobres “A” correspondentes a documentación administrativa e do sobre “B” documentación avaliable mediante xuízos de valor, presentada polas empresas que participan neste procedemento, acordando a Mesa de Contratación admitir as seguintes empresas:

AYTOS Soluciones Informáticas, S.L.U.(B-41632332)
ATM GRUPO MAGGIOLI S.L. (B-28798775).

Así mesmo a Mesa de Contratación na reunión do día 2 decembro de 2021 acordou trasladar a documentación técnica descargada dos sobres “B” que presentaron as empresas admitidas ao Servizo de Novas Tecnoloxias, ao obxecto de que os técnicos do mesmo, avaliasen e ponderasen as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto.

O Xefe do servizo de Novas Tecnoloxias con data 28/12/2021, emitiu informe relativo á valoración da documentación técnica presentada polas empresas licitantes, sendo as puntuacións obtidas as seguintes:

	Puntuación sobre “B”
ATM GRUPO MAGGIOLI S.L.	20,75
AYTOS SOLUCIONES INFORMÁTICAS S.L.U.	37,75

A Mesa de contratación na reunión do día 13 de xaneiro de 2022 en base ao informe do Xefe do servizo de Novas Tecnoloxias de data 28/12/2021, acordou prestar conformidade coas puntuacións acadadas polas empresas, chegando ambos licitadores a superar os 20 puntos necesarios segundo o establecido na cláusula 16.1 prego de cláusulas administrativas para proceder á apertura e valoración das propostas do sobre C.



As propostas presentadas polas empresas foron as seguintes:

Empresa: ATM GRUPO MAGGIOLI S.L. (B-28798775)

1.- Prezos unitarios anuais ofertados según tramo de poboación:

Tramo de poboación	Prezo unitario anual máximo (sen IVE)	Prezo unitario anual (sen IVE)	Nº concellos	Prezo total estimado por tramo (unitario*nº concellos tramo)
Ata 5.000 habitantes	1.726,00 €	1.131,65 €	23	26.027,93€
De 5000 a 7.500 habitantes	3.000,00 €	1.966,95 €	10	19.669,45€
De 7.501 a 10.000 habitantes	3.500,00 €	2.294,77 €	4	9.179,08€
De 10.001 a 15.000 habitantes	3.750,00 €	2.340,66 €	8	18.725,32€
De 15.001 a 20.000 habitantes	5.717,00 €	3.748,34€	7	26.238,39€
De 20.001 a 30.000 habitantes	6.000,00 €	3.933,89 €	6	23.603,34€
De 30.001 a 50.000 habitantes	10.000,00 €	6.556,48€	1	6.556,48€
Prezo total estimado anual				130.000€

2.- Mellora do valor obxectivo referente a dispoñibilidade da plataforma:

VALOR OBXETIVO DE DISPOÑIBILIDADE DA PLATAFORMA	VALOR OFERTADO
99,995 %	x

3.- Mellora do valor obxectivo referente o rendemento da plataforma:

VALOR OBXETIVO DE RENDEMENTO DA PLATAFORMA	VALOR OFERTADO
2 segundos	x

4.- Protección contra ataques de denegación de servizo

A empresa oferta sistema de protección Anti Dos/DDoS	SI <input checked="" type="checkbox"/>
--	--

Empresa: AYTOS SOLUCIONES INFORMÁTICAS S.L.U. (B-41.632.332)

1.- Prezos unitarios anuais ofertados según tramo de poboación:

Tramo de poboación	Prezo unitario anual máximo (sen IVE)	Prezo unitario anual (sen IVE)	Nº concellos	Prezo total estimado por tramo (unitario*nº concellos tramo)
Ata 5.000 habitantes	1.726,00 €	1.600,00€	23	36.800,00€
De 5000 a 7.500 habitantes	3.000,00 €	2.400,00€	10	24.000,00€
De 7.501 a 10.000 habitantes	3.500,00 €	2.500,00€	4	10.000,00€
De 10.001 a 15.000 habitantes	3.750,00 €	3.100,00€	8	24.800,00€
De 15.001 a 20.000 habitantes	5.717,00 €	3.400,00€	7	20.400,00€



De 20.001 a 30.000 habitantes	6.000,00 €	3.600,00€	6	25.200,00€
De 30.001 a 50.000 habitantes	10.000,00 €	2.500,00€	1	2.500,00€
Prezo total estimado anual				143.700,00 €

2.- Mellora do valor obxectivo referente a dispoñibilidade da plataforma:

VALOR OBXETIVO DE DISPOÑIBILIDADE DA PLATAFORMA	VALOR OFERTADO
99,995 %	x

3.- Mellora do valor obxectivo referente o rendemento da plataforma:

VALOR OBXETIVO DE RENDEMENTO DA PLATAFORMA	VALOR OFERTADO
2 segundos	x

4.- Protección contra ataques de denegación de servizo

A empresa oferta sistema de protección Anti Dos/DDoS	SI <input checked="" type="checkbox"/>
--	--

Feitas as valoración de acordo cos criterios establecidos nos pregos de cláusulas administrativas, as puntuacións acadadas no sobre C foron as seguintes:

ATM GRUPO MAGGIOLI S.L. (B-28798775)	OFERTA.	Puntos
1. Precio total estimado anual	130.000,00	40
2. Mellora do valor obxectivo referente a dispoñibilidade da plataforma	99,995%	6
3. Mellora do valor obxectivo referente o rendemento da plataforma	2 segundos	6
4. Protección contra ataques de denegación de servizo	Si oferta Sistema proteccions Anti Dos/DDos	8
TOTAL SOBRE C		60,00

AYTOS SOLUCIONES INFORMATICAS SLU (B-41.632.332)	OFERTA	Puntos
1. Precio total estimado anual	143.700,00€	31,92
2. Mellora do valor obxectivo referente a dispoñibilidade da plataforma	99,995%	6
3. Mellora do valor obxectivo referente o rendemento da plataforma	2 segundos	6



4. Protección contra ataques de denegación de servicio	Si oferta Sistema proteccions Anti Dos/DDos	8
TOTAL SOBRE C		51,92

A puntuación total acadada polas empresas no sobre B máis o sobre C, é a seguinte:

EMPRESAS	SOBRE B	SOBRE C	TOTAL
ATM GRUPO MAGGIOLI S.L.	20,75	60	80,75
AYTOS SOLUCIONES INFORMATICAS SLU	37,75	51,92	89,67

A Mesa de Contratación acorda:

1.- Aprobar a clasificación das ofertas presentadas e admitidas no procedemento aberto convocado para contratación do servizo.

POSICIÓN	EMPRESAS	SOBRE B	SOBRE C	TOTAL
1º	AYTOS SOLUCIONES INFORMATICAS SLU	37,75	51,92	89,67
2º	ATM GRUPO MAGGIOLI S.L.	20,75	60	80,75

2. Propor ó órgano de contratación, neste caso á Xunta de Goberno, unha vez efectuado e cumprimentado o requerimento da documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación do procedemento aberto, á empresa AYTOS SOLUCIONES INFORMÁTICAS S.LU de acordo cos criterios de adxudicación que figuran no prego que rexe no procedemento e de acordo co seguinte detalle:

- 1 Prezos unitarios anuais según tramo de poboación:

Tramo de poboación	Prezo unitario anual máximo (sen IVE)	Prezo unitario anual (sen IVE)	Nº concellos	Prezo total estimado por tramo (unitario*nº concellos tramo)
Ata 5.000 habitantes	1.726,00 €	1.600,00€	23	36.800,00€
De 5000 a 7.500 habitantes	3.000,00 €	2.400,00€	10	24.000,00€
De 7.501 a 10.000 habitantes	3.500,00 €	2.500,00€	4	10.000,00€
De 10.001 a 15.000 habitantes	3.750,00 €	3.100,00€	8	24.800,00€
De 15.001 a 20.000 habitantes	5.717,00 €	3.400,00€	7	20.400,00€
De 20.001 a 30.000 habitantes	6.000,00 €	3.600,00€	6	25.200,00€
De 30.001 a 50.000 habitantes	10.000,00 €	2.500,00€	1	2.500,00€
Prezo total estimado anual				143.700,00 €



- Mellora do valor obxectivo referente a dispoñibilidade da plataforma: 99,995 %.
- Mellora do valor obxectivo referente o rendemento da plataforma: 2 segundos.
- A empresa AYTOS SOLUCIONES INFORMÁTICAS S.LU oferta sistema de protección Anti Dos/DDoS

3. Proposta de adxudicación do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de deseño, posta en marcha e xestión da rede Smartpeme de Pontevedra. (Expte.- 2021041034).

Por acordo da Xunta de Goberno adoptado na sesión do día 26 de novembro de 2021, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto do servizo de evolución e xestión da rede Smartpeme de Pontevedra. O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 29/11/2021. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

A Mesa de Contratación na reunión do día 30 de decembro de 2021 procedeu a apertura dos sobres “A”, correspondente á documentación administrativa, sendo a única empresa presentada e admitida a seguinte:

- KPMG Asesores SL (CIF B-82.498.650).
-

A Mesa de Contratación na reunión do día 30 de decembro de 2021 tamén procedeu á apertura electrónica dos sobres B, correspondentes á documentación avaliabile mediante xuízos de valor, presentados polas empresas admitidas remitíndose a mesma aos técnicos do Servizo de Novas Tecnoloxías a efectos da súa valoración.

O Xefe do Servizo de Novas Tecnoloxías, con data 11-01-2022, emitiu informe relativo a valoración dos criterios avaliabile mediante xuízos de valor, das empresas admitidas sendo as puntuacións obtidas as seguintes:

CRITERIO	Máximo	KPMG ASESORES, SL
1.-Características da prestación dos servizos e planificación da actualización dos contidos	29,00	27,50
1.1.-Grao de desenvolvemento e madurez da metodoloxía para a prestación dos servizos	7,00	6,00



1.2.-Proposta da carteira de servizos de asesoramento	5,00	5,00
1.3.-Proposta de obradoiros de formación	5,00	5,00
1.4.-Proposta de actividades complementarias	5,00	5,00
1.5.-Plan de difusión	5,00	5,00
1.6.-Plan de actualización de canles online	2,00	1,50
2.-Control do servizo Smartpeme	12,00	10,50
2.1.-Metodoloxía de seguimento do servizo	3,00	3,00
2.2.-Plan de traballo	3,00	2,00
2.3.-Plan de calidade	3,00	2,50
2.4.-Órganos de dirección do servizo	2,00	2,00
2.5.-Entregables	1,00	1,00
TOTAL PUNTUACIÓN SOBRE B	41,00	38,00

A Mesa de Contratación na reunión celebrada o día 13-01-2022 en base o citado informe do Xefe do Servizo de Novas Tecnoloxías acordou prestar conformidade as puntuacións acadadas polas empresas admitidas.

A Mesa de Contratación na reunión do día 13 de xaneiro de 2022 tamén procedeu á efectuar á apertura electrónica dos sobres C, correspondentes á documentación avaliable mediante criterios automáticos.

Os valores ofertados polas empresas admitidas constan no Certificado da Mesa de contratación con (CSV) DOY3JIO3Q0WG42XG.

Tras o exame das ofertas presentadas polas empresas admitidas, obsérvase que, de conformidade co establecido no prego de condicións económico-administrativas que rexe o procedemento, a oferta presentada pola empresa KPMG Asesores SL presenta un valor anormal ou desproporcionado referente a oferta no seu conxunto polo que se lle requeriu para que xustificara a súa oferta e precisara as condicións da mesma, en particular no que se refería ao aforro económico, a ampliación do número mínimo anual de asesoramentos e as condicións especialmente favorables de que dispuxera para executar a prestación.

A empresa KPMG Asesores SL presentou a xustificación da súa oferta no rexistro electrónico da Deputación de Pontevedra dando traslado da mesma aos técnicos do Servizo de Novas Tecnoloxías para que emitiran informe sobre a mesma.

Con data 19-01-2022 emitiu informe o Xefe do Servizo de Novas Tecnoloxías indicando que consideraba que o prezo ofertado por KPMG Asesores SL se entende xustificado.

Unha vez efectuada a ponderación dos valores ofertados no sobre C de conformidade cos criterios establecidos nos pregos de cláusulas económico-administrativas, as puntuacións obtidas as seguintes:



Empresas	Puntuacións sobre C (criterios automáticos)				Total puntuación sobre C
	Prezo ofertado	Nº asesoramentos anuais	Certificación calidade	Ampliación nº talleres formativos	
KPMG Asesores SL	27,00	20,00	7,00	0,00	54,00

Sendo polo tanto as puntuacións totais:

Empresas	Puntuación sobre B	Total puntuación sobre C	Puntuación total (B+C)
KPMG Asesores SL	38,00	54,00	92,00

A Mesa de Contratación acorda:

1. Aprobar a clasificación acadada polas ofertas presentadas polas empresas que concorren no procedemento aberto, que queda da seguinte forma:

Posición	Empresas	Puntuación total
1ª	KPMG Asesores SL	92,00

2. Propor ó órgano de contratación, neste caso a Xunta de Goberno, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación do procedemento aberto, convocado para contratación do Servizo de evolución e xestión da rede Smartpeme de Pontevedra a empresa KPMG Asesores S.L.

4. Apertura dos sobres únicos, correspondentes á documentación administrativa e documentación avaliable mediante criterios automáticos do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da redacción do proxecto básico e de execución das obras de rehabilitación enerxética de diversos edificios do Centro Príncipe Felipe. (Expte.-2021038411).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por Resolución do Deputado Delegado da área de Réxime Interior, Economía, Facenda e Oral, número 2021007649 de data 23 de decembro de 2021 aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado, dos traballos de redacción do proxecto básico e de execución das obras de rehabilitación enerxética de diversos edificios do Centro Príncipe Felipe. O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 3 de xaneiro de 2022. Así mesmo, publicáronse na mesma



data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

O Secretario comenta que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica VORTAL que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

A clave privada deste procedemento permanece baixo custodia de VORTAL, a cal pode acreditar que se gardaron mediante procedementos de seguridade internos debidamente certificados por un auditor externo.

Esta clave só se entrega á mesa de contratación para o descifrado da información, no momento e baixo as condicións previstas polo órgano de contratación unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e obsérvase que non existe ningunha empresa presentada dentro do prazo establecido ao efecto.

A Mesa de Contratación acorda propor ao órgano de contratación que se declare deserto o procedemento aberto simplificado convocado para a contratación dos traballos de redacción do proxecto básico e de execución das obras de rehabilitación enerxética de diversos edificios do Centro Príncipe Felipe por non terse presentado ningunha empresa interesada na adxudicación deste contrato.

5. *Apertura electrónica dos sobres "A" correspondentes á documentación administrativa do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de asistencia técnico educativa do programa "Depoaventura A Lanzada 2022". (Expte.- 2021035025).*

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por acordo da Xunta de Goberno adoptado na sesión do día 17 de decembro 2021, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto, do Servizo de asistencia técnico-educativa do programa Depoaventura A Lanzada 2022.

O anuncio de licitación deste contrato enviouse ao DOUE con data 03/01/2021 e publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 5/01/2021. Así mesmo, publicouse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.



O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

A clave privada deste procedemento permanece baixo custodia de VORTAL, a cal pode acreditar que se gardaron mediante procedementos de seguridade internos debidamente certificados por un auditor externo.

Esta clave só se entrega á mesa de contratación para o descifrado da información, no momento e baixo as condicións previstas polo órgano de contratación unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo) e a continuación procédese á descriptación e descarga da documentación dos sobres “A” correspondente á documentación administrativa presentada polas empresas ó devandito procedemento.

Unha vez descargada a documentación administrativa a Mesa de Contratación acorda admitir ás seguintes empresas:

- SUPERNOVA ASISTENCIAS S.L.U. (B-94011665)
- GOLFIÑO XESTIÓN DE OCIO S.L. (B-70072905)

6. Apertura electrónica dos sobres “B”, correspondentes á documentación avaliable mediante criterios de xuízos de valor do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de asistencia técnico educativa do programa “Depoaventura A Lanzada 2022”. (Expte.- 2021035025).

A Mesa de Contratación na reunión do día 20 de xaneiro de 2022 procedeu a apertura do sobre “A”, correspondente a documentación administrativa, sendo as empresas admitidas as seguintes:

- SUPERNOVA ASISTENCIAS S.L.U. (B-94011665)
- GOLFIÑO XESTIÓN DE OCIO S.L. (B-70072905)

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma de licitación electrónica Vortal mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo) e procede á descriptación e descarga da documentación do sobre “B” correspondente aos criterios da avaliación mediante xuízos de valor presentada polas empresas presentadas e admitidas neste procedemento aberto.



Unha vez finalizado este trámite a Mesa de Contratación, acorda trasladar a documentación descargada do sobre “B”, ós técnicos do Servizo de Cohesión Social e Xuventude, para que avalíen e ponderen as propostas técnicas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto.

7. Apertura electrónica dos sobres “A” correspondentes á documentación administrativa do procedemento aberto convocado para a contratación da explotación, mantemento e conservación das instalacións de abastecemento de auga potable e das de depuración do Polígono Industrial Outeda - Curro (Barro). (Expte.- 202105522).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por acordo da Xunta de Goberno da Deputación Provincial de data 23 de decembro de 2022 aprobouse o expediente de contratación, mediante procedemento aberto, do servizo de “Explotación, mantemento e conservación das instalacións de abastecemento de auga potable e das de depuración do Polígono Industrial Outeda - Curro (Barro)”. O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 28 de decembro de 2021. Na mesma data tamén figuran publicados os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

O Secretario comenta que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores. A clave privada deste procedemento permanece baixo custodia de VORTAL, a cal pode acreditar que se gardaron mediante procedementos de seguridade internos debidamente certificados por un auditor externo.

Esta clave só se entrega á mesa de contratación para o descifrado da información, no momento e baixo as condicións previstas polo órgano de contratación unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á descriptación e descarga da documentación dos sobres “A” correspondente á documentación administrativa presentada polas empresas ó devandito procedemento.

Unha vez descargada a documentación administrativa, a Mesa de Contratación acorda admitir as seguintes empresas e empresarios:

- UTE INERPROMA MEDIOAMBIENTE SL- URIKER SL.
- HIDRANTIA, GESTIÓN INTEGRAL DEL AGUA, S.L. (NIF: B-70.409.073)
- ORGANIZACIÓN Y GESTIÓN DE PROYECTOS Y OBRAS, S.L. (NIF: B-70.248.869)



- PROYECON GALICIA,S.A. (NIF: A-32.032.039)
- TESWATER GLOBAL, S.L.U. (NIF: B-27.778.703)

8. Apertura electrónica dos sobres "B" correspondentes a documentación avaliable mediante criterios automáticos do procedemento aberto convocado para a contratación da explotación, mantemento e conservación das instalacións de abastecemento de auga potable e das de depuración do Polígono Industrial Outeda - Curro (Barro). (Expte.- 2021055522).

O Sr. Secretario da Mesa de Contratación informa que o anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 28 de decembro de 2021. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

A Mesa de Contratación na reunión do día 20 de xaneiro de 2022 procedeu a efectuar a apertura dos sobres "A", correspondentes á documentación administrativa, sendo os empresarios e as empresas admitidas en os seguintes:

- UTE INERPROMA MEDIOAMBIENTE SL- URIKER SL.
- HIDRANTIA, GESTIÓN INTEGRAL DEL AGUA, S.L. (NIF: B-70.409.073)
- ORGANIZACIÓN Y GESTIÓN DE PROYECTOS Y OBRAS, S.L. (NIF: B-70.248.869)
- PROYECON GALICIA,S.A. (NIF: A-32.032.039)
- TESWATER GLOBAL, S.L.U. (NIF: B-27.778.703)

A continuación o Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma de licitación electrónica Vortal mediante a súa clave persoal, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e procede á descriptación e descarga da documentación dos sobres "B" correspondente ós criterios de valoración automática presentados polos empresarios e empresas admitidas ó procedemento aberto convocado para contratación do devandito servizo.

Os valores ofertados foron os seguintes:

EMPRESAS	Importe total anual ofertado EDAR + ETAP (sen IVE)
UTE INERPROMA MEDIOAMBIENTE SL- URIKER SL.	136.072,58 €
HIDRANTIA, GESTIÓN INTEGRAL DEL AGUA, S.L. (NIF: B-70.409.073)	103.848,48 €
ORGANIZACIÓN Y GESTIÓN DE PROYECTOS Y OBRAS, S.L. (NIF: B-70.248.869)	119.193,25 €
PROYECON GALICIA,S.A. (NIF: A-32.032.039)	131.885,00 €
TESWATER GLOBAL, S.L.U. (NIF: B-27.778.703)	142.800,00 €



9. Aprobación das valoracións técnicas dos sobres A, correspondentes á documentación administrativa e documentación avaliable mediante criterios de xuízos de valor do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da asistencia técnica para realizar os traballos de elaboración do proxecto de demolición, cálculo da estrutura definitiva, elaboración dos proxectos de instalacións e de anexos varios para as “Obras de consolidación, restauración e interconexión accesible a través do subsolo dos edificios centrais do Museo Pontevedra”. (Expte.- . 2021054284).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por Resolución do Deputado Delegado da área de Réxime Interior, Economía, Facenda e ORAL, de data 18 de decembro de 2021, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado, do servizo de asistencia técnica para realización dos traballos de elaboración do proxecto de demolición, cálculo da estrutura definitiva, elaboración dos proxectos de instalacións e de anexos varios para as “Obras de consolidación, restauración e interconexión accesible a través do subsolo dos edificios centrais do Museo Pontevedra”.

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 22 de decembro de 2021. Así mesmo, publicouse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

A presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica VORTAL e a Mesa de Contratación na reunión do día 13 de xaneiro de 2022, procedeu á apertura dos sobres “A”, correspondente á documentación administrativa e a documentación avaliable mediante criterios de xuízos de valor sendo a única empresa presentada e admitidas a seguinte:

- REBOREDA MARTÍNEZ ANTONIO 000439934Y SLNE UNIPERSONAL. (C.I.F.- B-36931541)

A Mesa de Contratación na reunión do día 13 de xaneiro de 2022 tamén acordou darlle traslado da documentación con criterios avaliáveis mediante xuízos de valor ós técnicos do Servizo do Museo de Pontevedra ao obxecto de que procederán a avaliar e ponderar a proposta ofertada seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto simplificado.

A Arquitecta Técnica do Museo de Pontevedra, Silvia Gómez Otero. con data 18 de xaneiro de 2022, emitiu o correspondente informe relativo a valoración da documentación técnica presentada pola única empresa presentada e admitida.



A puntuación obtidas foi a seguinte:

EMPRESA	Análise do ámbito de traballo	Proposta dos procesos de traballo	Organigrama	PUNTUACIÓN SOBRE "A"
REBOREDA MARTÍNEZ ANTONIO 000439934Y SLNE UNIPERSONAL. (C.I.F.- B-36931541)	10,00	2,00	8,00	20,00

A Mesa de Contratación, en base ao informe emitido pola Arquitecta Técnica do Museo de Pontevedra, Silvia Gómez Otero, de data 18 de xaneiro de 2022, acorda prestar conforme a valoración técnica da oferta presentada pola empresa admitida no procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da asistencia técnica para realizar os traballos de elaboración do proxecto de demolición, cálculo da estrutura definitiva, elaboración dos proxectos de instalacións e de anexos varios para as "Obras de consolidación, restauración e interconexión accesible a través do subsolo dos edificios centrais do Museo Pontevedra"

10. Apertura electrónica dos sobres "B" correspondente á documentación avaliable mediante criterios automáticos do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da asistencia técnica para realizar os traballos de elaboración do proxecto de demolición, cálculo da estrutura definitiva, elaboración dos proxectos de instalacións e de anexos varios para as "Obras de consolidación, restauración e interconexión accesible a través do subsolo dos edificios centrais do Museo Pontevedra" (Expte. 2021054284).

O Secretario informa ós asistentes da puntuación acadada na valoración técnica da oferta presentada pola única empresa admitida no procedemento aberto simplificado convocado para contratación da asistencia técnica para realizar os traballos de elaboración do proxecto de demolición, cálculo da estrutura definitiva, elaboración dos proxectos de instalacións e de anexos varios para as "Obras de consolidación, restauración e interconexión accesible a través do subsolo dos edificios centrais do Museo Pontevedra", e que foi a seguinte:

EMPRESA	PUNTUACIÓN SOBRE A
REBOREDA MARTÍNEZ ANTONIO 000439934Y SLNE UNIPERSONAL. (C.I.F.- B-36931541)	20

O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal que xenera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.



O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e procede á descriptación e descarga da documentación presentada nos sobres “B” correspondentes os criterios de valoración automática presentados pola empresa que participa no procedemento aberto simplificado convocado para contratación do devandito servizo e que acadou unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable (17,50 puntos) en función dos criterios non avaliados mediante xuízos de valor.

O valores ofertados no sobre “B” foron os seguintes:

Prezo ofertado:

Importe sen o IVE:	41.580,00 euros.
IVE (21%):	8.731,80 euros.
Importe total ofertado:	50.311,80 euros.

Compromiso de actualización técnica dos documentos entregados por cambios normativos, sempre que non impliquen recálculos, durante o prazo de 2 anos dende a finalización do traballo: SI.

Non producíndose ningunha incidencia digna de apuntar, dáse por terminado o acto as dez horas e corenta e seis minutos, e esténdese a presente Acta, que asinan comigo, o Secretario, o Presidente da Mesa de Contratación.

